

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE DICIEMBRE DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual decembro 2019.	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en decembro de 2019	20
6.4.	Evolución da precipitación en decembro de 2019	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 01/02/2020



Mes de decembro moi húmido e cálido, tanto nas máximas como nas mínimas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de decembro quedou caracterizado por una primeira e derradeira semana de tempo anticiclónico, pero unha parte central con chegada de borrascas moi activas. As chuvias desas semanas centrais do mes foron suficientes para que teñamos cantidades acumuladas superiores ao normal en decembro.

Así, comezamos o mes aínda cos restos dunha borrasca que deixara chuvias importantes no derradeiro día do mes anterior. Polo tanto o día 1 aínda tivemos precipitacións a primeiras horas que tenderon a desaparecer posteriormente. Entre as xornadas do 2 e do 6 as altas presións foron predominantes, polo que tivemos 5 días secos, con temperaturas normais para un mes de decembro.

Este período anticiclónico comezou a ceder o día 7, con algunhas chuvias febles tipo orballo no oeste e xa, na xornada do 8, as precipitacións foron novamente xeneralizadas, aínda que non moi cuantiosas. Aínda o día 9 recuperouse a situación anticiclónica, pero foise perdendo progresivamente e o día 10, pola tarde, rexistrabamos o paso dunha fronte fría con algunhas precipitacións que se prolongaban na primeira metade do día 11.

Na xornada do día 12 tivemos a visita da primeira borrasca importante do mes, deixando una situación de vento e chuvia significativos, con avisos amarelos en moitos puntos. O día 13 foi de transición, pero unha nova borrasca activa chegaba na tarde do día 14 para deixar un novo episodio de mal tempo na segunda metade da xornada e ao principio do domingo, día 15.

O 16 quedamos na influencia da borrasca Daniel, localizada ao oeste de Lisboa, deixaba un episodio de chuvia persistente, con entrada de aire frío. Isto propiciou una caída da cota de neve por debaixo dos 1000 metros durante a tarde. O día 17 tivemos tempo maioritariamente seco e frío, pero na xornada do 18 unha nova borrasca, Elsa, deixaba de novo avisos por ventos e chuvia en moitos lugares da Comunidade.

O día 19 non foi tan severo, pero a inestabilidade, os ventos fortes e as chuvias significativas continuaron a ser protagonistas, o mesmo que o día 20. E na xornada do 21 chegaba a terceira borrasca importante da semana, Fabien, e a máis forte das tres. As chuvias foron xeneralizadas, persistentes e de intensidade moderada, mentres que os ventos foron



incrementándose e pola tarde acadáronse refachos superiores aos 100 km/h en moitos puntos da Comunidade. Protagonismo tamén neste día para as ondas, que ao final da xornada superaban os 8 metros, provocando una alerta vermella.

O domingo 22 aínda tivemos ventos e chuvias importantes, pero con tendencia a mellorar a situación co avance do día. A xornada do 23 estivemos nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, aínda con ventos húmidos do sur, polo que se rexistraban algunhas precipitacións débiles. As chuvias foron desaparecendo durante a mañá do 24 e a partir do mediodía as altas presións conseguiron establecerse novamente en Galicia. Co aire cálido das xornadas anteriores e os ceos abertos, as temperaturas acadaron valores moi suaves nesa tarde.

O día 25 tivemos tempo anticiclónico ata media tarde, con temperaturas elevadas nas horas centrais do día, pero o paso dunha fronte deixou algunhas chuvias ao final da xornada. Foi un empeoramento moi transitorio, xa que o 26 de novo as altas presións movéronse cara ao norte da península Ibérica, achegando estabilidade e deixando tempo seco xa ata o derradeiro día do mes. O máis salientable deste período anticiclónico foron as elevadas temperaturas máximas que se rexistraban nas tardes dos días 28 e 29, con moitas localidades po riba dos 20°C, pero tamén o frío e as néboas e as xeadas do interior, neste caso máis pronunciadas nas mañás do 29, 30 e 31.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía negativa, moito máis elevada en altura, que se encontra situada entre Islandia e Reino Unido. Ademais no mapa en altura poden verse dúas anomalías positivas ao este e leste da Península, pero que apenas influíron na nosa Comunidade. A anomalía negativa foi a que caracterizou o mes de decembro en Galicia, permitindo o paso de sucesivas borrascas con fronteas frías que deixaron chuvias importantes e ventos moi fortes e significativos.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Decembro-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Decembro-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	DECEMBRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.5/12.2	11.5	14.5 (2015)	8.5 (1970)
Tª mínima media	9.7/9.6	8.9	11.7 (2015)	5.8 (1970)
Tª mínima absoluta	4.6/4.5(día 4)	0.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	13.3/13.3(día 25)	17.5 (17/12/1987)		
Tª máxima media	15.2/14.8	14.0	17.3 (2015)	11.2 (1970)
Tª máxima absoluta	20.6/19.5 (día 24)	25.6 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	10.6/10.7 (día 16)	5.0 (25/12/1962)		
Precipitación acumulada	174.4	126-133	400 (1978)	15 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	31 (1935)	4 (1941)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperatura medias e mínimas. Nas máximas considérase moi cálido.

A precipitación rexistrada está por riba do rango de valores normais, polo que o mes resultou húmido. En canto ao número de días de chuvia, coincide co valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	DECEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.8	9.5	12.2 (1989)	7.9 (2001)
Tª mínima media	6.5	6.0	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	0.34 (día 4)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	11.3 (día 14)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	13.1	13.1	15.1 (2015)	11.7 (2009)
Tª máxima absoluta	19.1 (día 25)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	8.2 (día 16)	3.6 (02/12/2010)		
Precipitación acumulada	291	182-271	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	31 (1993)	5 (2016)

Comentario: Mes cálido en canto ás temperaturas mínimas e normal respecto ás máximas. Para a temperatura media o mes resultou lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada supera os valores normais e o número de días de chuvia tamén, polo que se considera o mes no seu conxunto como húmido.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019.



LUGO

	DECEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.8	6.9	10 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima media	3.5	3.2	6.8 (1989)	-2.4 (2001)
Tª mínima absoluta	-2.9 (día 29)	-10.4 (17/12/2001)		
Tª mínima máis alta	10.2 (día 13)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	12.2	10.5	14.1 (2015)	7.5 (1980)
Tª máxima absoluta	18.7 (día 24)	23.0 (21/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	7.3 (día 16)	1.0 (31/12/1982)		
Precipitación acumulada	224	108-125	353 (2000)	12 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	14	15	26 (1981)	3 (2001)

Comentario: O mes foi moi cálido para as temperaturas máximas e cálido para as medias. As mínimas estiveron dentro do rango normal.

En canto á precipitación, pese a que o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ó agardado, a cantidade acumulada superou o valor normal, quedando o mes como moi húmido.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.8	10.1	13.4 (1989)	7.0 (1970)
Tª mínima media	6.7	5.8	10.2 (1989)	1.9 (1970)
Tª mínima absoluta	0.45 (día 4)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	12.5 (día 13)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.8	14.4	17.3 (2015)	11.3 (1963)
Tª máxima absoluta	20 (día 25)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	9.5 (día 16)	2.1 (27/12/1970)		
Precipitación acumulada	339	191-237	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	18	15	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes cálido tendo en conta todas as temperaturas, tanto as medias como as máximas e as mínimas.

En canto á precipitación o acumulado mensual quedou por enriba dos valores normais para esta variable, así como o número de días de chuvia, clasificándose o mes como moi húmido.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019.



OURENSE

	DECEMBRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.0	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	4.9	4.1	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-1.6 (día 29)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 13)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	13.1	12.8	16.0 (2015)	10.5 (1975)
Tª máxima absoluta	17.7 (día 24)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	8.2 (día 31)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	206	82-103	406 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	12	11	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas, mínimas e medias, superando os valores climáticos normais.

En canto á precipitación, o mes resultou ser moi húmido. O número de días de chuvia foi lixeiramente superior ó valor climático, pero a precipitación acumulada foi moi superior á agardada.


* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019.



5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en media por riba do normal nun mes de decembro, xa que os dous períodos anticiclónicos de principios e finais do mes non foron excesivamente fríos e os períodos de borrasca do medio do mes viñeron con ventos do sur e polo tanto temperatura suave.

5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 12/2019

www.meteogalicia.es


Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de decembro de 2019.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de decembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 12 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente en zonas de costa do noroeste de A Coruña e no litoral de Pontevedra, con valores próximos ós 15°C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse en Manzaneda e Pena Trevinca, rexistrando 6 °C de temperatura máxima media.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de decembro para o territorio galego foi de 4.7 °C. Os valores máis baixos, próximos ós 0°C, acadáronse na provincia de Ourense, nas comarcas de Manzaneda, a Limia e Verín, así como en algunha zona do interior de Lugo. Os valores máis altos déronse principalmente en puntos moi localizados en zonas do litoral, onde se acadaron valores próximos aos 10 °C.



Tmín - 12/2019

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de decembro de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de decembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +1.1 °C. Os valores máis elevados déronse en localidades do leste da Comunidade, onde se acadaron anomalías próximas ós +3 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de decembro de 2019 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas zonas de alta montaña das provincias de Lugo e Ourense. As anomalías máis baixas (Táboa 2), déronse en zonas costeiras e vales do interior e foron moi altas para a época do ano.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.3
Veiga (A)	Ourense	2.3
Triacastela	Lugo	2.3
Vilariño de Conso	Ourense	2.3
Cervantes	Lugo	2.2
Manzaneda	Ourense	2.1
Samos	Lugo	2.0
Nogais (As)	Lugo	2.0
Viana do Bolo	Ourense	1.9
Becerreá	Lugo	1.9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de decembro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	-0.1
Ribeira	A Coruña	0
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0
Boiro	A Coruña	0.1
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	0.2
Coles	Ourense	0.2
Cambados	Pontevedra	0.2
Sober	Lugo	0.2
Carnota	A Coruña	0.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de decembro de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de decembro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Os últimos días do mes foi cando se rexistraron os valores máis altos de temperatura, destacando especialmente o día 29, no cal se pasou dos 20°C en moitas estacións por debaixo dos 1000 m e incluso nalgunha por enriba desa altitude.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/12/2019	Sobrado dos Monxes	SOBRADO	A Coruña	26.4
29/12/2019	Fragavella	ABADÍN	Lugo	25.5
29/12/2019	Silleda	SILLEDA	Pontevedra	24.1
29/12/2019	Cristimil	LALÍN	Pontevedra	24.0
29/12/2019	A Capela	A CAPELA	A Coruña	23.7
29/12/2019	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	23.6
29/12/2019	Mabegondo	ABEGONDO	A Coruña	23.5
29/12/2019	Entrimo	ENTRIMO	Ourense	23.4
29/12/2019	Melide	MELIDE	A Coruña	23.2
29/12/2019	A Lama	A LAMA	Pontevedra	22.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/12/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	21.6
29/12/2019	Xurés	MUIÑOS	Ourense	20.9
29/12/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	19.7
29/12/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19.5
29/12/2019	Becerreá - Penamaior	BECERREÁ	Lugo	19.3
29/12/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	19.3
29/12/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	18.8
29/12/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	18.2
30/12/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	18.0
30/12/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	17.5

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Acadáronse valores negativos, tanto por riba (nas xornadas do 3, 4 e do 17) como por debaixo dos 1000 m (maioritariamente nas últimas xornada do ano, nas que houbo unha forte inversión térmica).

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/12/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	-6.1
03/12/2019	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	-5.2
17/12/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.0
03/12/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-4.4
03/12/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	-4.3
04/12/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.0
17/12/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.7
03/12/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.1
04/12/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	-3.0
04/12/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/12/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7.2
04/12/2019	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-5.6
30/12/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-5.2
04/12/2019	Beariz	BEARIZ	Ourense	-5.1
05/12/2019	Xinzo de Limia	XINZO DE LIMIA	Ourense	-5.1
27/12/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-5.1
28/12/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-5.0
29/12/2019	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-4.9
28/12/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	-4.8
04/12/2019	Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	-4.7

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2019 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en decembro de 2019 para esta serie foi 9.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para decembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas máximas (anomalía de +0.55 °C) como ás mínimas (anomalía de +0.65°C), en ámbolos dous casos máis cálidas do normal.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en decembro, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

O número de días de chuvia non foi moi superior ao dun mes de decembro normal, pero a intensidade das chuvias na segunda e terceira semana fixo que os acumulados ao longo do mes si estean por riba do agardado, polo que o mes pódese considerar moi húmido en conxunto. Segundo os valores do mapa (Figura 8), a precipitación media acumulada é de 310 L/m². En practicamente toda a comunidade se rexistraron máis de 200 L/m² este mes de decembro, a excepción da zona da Mariña Lucense, onde se deron os valores máis baixos, superiores aínda así a 150 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual decembro 2019



Chuvia/lluvia - 12/2019

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de decembro de 2019.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de decembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 63% superior ao período de referencia 1981-2010. Os valores máis altos déronse en zonas da montaña de Lugo e de Ourense.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de decembro de 2019.

6.3. Días de chuvia en decembro de 2019

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 15. A modo xeral, no oeste da Comunidade, máis afectado polas fronte atlánticas que afectan a Galicia, foi onde se acadaron os valores máis altos de días de chuvia. Estas cifras non foron moi superiores ao número de días de chuvia dun mes de decembro normal.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de decembro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de decembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 450 L/m² en moitas localidades de tódalas provincias, destacando a de Pontevedra no conxunto. As xornadas do 12 e o 18 acumuláronse valores de precipitación en 24 h moi elevados, coincidindo co paso de dúas das borrascas máis activas do mes.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	545
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	503
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	494
Muralla	LOUSAME	A Coruña	491
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	485
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	483
Xurés	MUIÑOS	Ourense	480
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	474
Castrove	POIO	Pontevedra	447
Costa	ROIS	A Coruña	444

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	123.8	12/12/2019 4:20
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	115.9	21/12/2019 7:00
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	111.2	18/12/2019 4:00
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	108.7	12/12/2019 1:50
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	108.2	18/12/2019 12:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	106.7	12/12/2019 3:40
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	106.4	18/12/2019 11:40
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	104.8	12/12/2019 4:20
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	102.1	12/12/2019 8:40
Castrove	POIO	Pontevedra	98.4	12/12/2019 4:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en decembro de 2019.

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 288 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para decembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 68% por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Este decembro contrasta co do ano pasado, o cal quedara seco.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en decembro de 2019, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Unha das xornadas máis ventosas do mes de decembro foi a do 21, aínda que nos días 18 e 19 tamén se superou incluso o limiar dos 130 km/h en varias estación, tal e como se pode observar na Táboa 9. Destaca o día 21, cando a forte borrasca Fabien deixaba ventos furacanados en moitos puntos da Comunidade, activando os avisos tanto por vento, como por choiva e ondas no mar. A porcentaxe de calmas non foi moi elevada neste mes de decembro no que os ventos foron intensos.









Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro de 2019				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
21/12/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	183.5
21/12/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	176.3
21/12/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	165.9
19/12/2019	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	160.5
21/12/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	159.6
21/12/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	155.1
18/12/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	152.3
18/12/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	148.7
21/12/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	145.3
21/12/2019	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	144.9
21/12/2019	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	135.7
18/12/2019	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	135.6
21/12/2019	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	134.4
21/12/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	133.8
21/12/2019	Burela	BURELA	Lugo	132.7
19/12/2019	Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	132.2
19/12/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	131.0
21/12/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	130.5
21/12/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	126.5
18/12/2019	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	126.2
19/12/2019	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	125.8



21/12/2019	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	125.6
21/12/2019	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	123.5
21/12/2019	Amiudal	AVIÓN	Ourense	121.6
19/12/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	121.6
18/12/2019	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	121.1
21/12/2019	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	120.8
18/12/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	119.8
21/12/2019	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	119.4
21/12/2019	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	119.3
22/12/2019	Fragavella	ABADÍN	Lugo	118.3
21/12/2019	Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	118.2
18/12/2019	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	117.9
21/12/2019	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	117.3
21/12/2019	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	117.2
21/12/2019	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	116.5
18/12/2019	Lira	CARNOTA	A Coruña	115.2
21/12/2019	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	114.4
21/12/2019	Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	114.1
21/12/2019	Coruña-Bens	CORUÑA (A)	A Coruña	113.8
21/12/2019	Cariño	CARIÑO	A Coruña	113.5
21/12/2019	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	111.2
